

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

A rebelión militar do 18 de xullo de 1936 foi o punto culminante dun enfrontamento que xa se viña producindo desde a mesma proclamación da República en 1931. Mentres no Doc. 1 o xeneral Franco expón as razóns dos sublevados, no Doc. 2 o presidente das Cortes defende a lexitimidade da República. O teu comentario debe centrarse nos asuntos máis conflictivos que motivan

DOC. 1. XUSTIFICACIÓN DA REBELIÓN CONTRA A REPÚBLICA.

A situación de España é cada día máis crítica; a anarquía reina na maioría dos seus campos e vilas; autoridades de sona governativa presiden, cando non fomentan, as revoltas; a tiro de pistola e metralladoras dirímense as diferenzas entre os cidadáns [...], sen que os poderes públicos impongan a paz e a xustiza. Folgas revolucionarias de toda clase paralizan a vida da Nación [...]. Os monumentos e tesouros artísticos son obxecto do máis asañado ataque das hordas revolucionarias, obedecendo a consigna que reciben das directivas estranxeiras, coa complicidade e negligencia dos gobernadores [...].

Ao espírito revolucionario e inconsciente das masas, enganadas e explotadas polos axentes soviéticos [...], únese a negligencia de autoridades de todas as clases [...].

A Constitución, por todos suspendida e vulnerada, sofre unha eclipse total: nin igualdade ante a lei, nin liberdade [...], nin unidade da patria, ameazada pola esgazadura territorial [...]. É que podemos abandonar a España aos inimigos da patria, con proceder covarde e traidor, entregándoa sen loita e sen resistencia? Iso non! Que o fagan os traidores, pero non quen xuramos defendela.

Alocución radiada do xeneral Franco, 18 de xullo de 1936



FRANCO NAS RUÍNAS DO ÁLCAZAR DE TOLEDO, OUTUBRO DE 1936.

a insurrección e que foran unha constante nos cinco anos anteriores, prestando atención aos intereses defendidos por cada parte e ás forzas sociais e políticas que apoian a cada bando.

***Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de xuño de 2007.**



CARTEL «POLA LIBERDADE DE ZARAGOZA», 1936.

DOC. 2. DIEGO MARTÍNEZ BARRIO, AXUÍZA A INSURRECCIÓN MILITAR.

Os xenerais e oficiais que se lanzaron en armas fixérono contra o Estado español, representado por un Presidente da República, nomeado legalmente, e coa asistencia e aínda co voto de deputados de todos os partidos; por unha Cámara lexítima elixida sen tacha, durante o mando dun goberno adversario, duns partidos que resultaron triunfantes nas eleccións, e por un poder executivo constitucionalmente designado [...].

Certo é que o Estado e os seus poderes lexítimos se atopan asistidos co máis desinteresado dos concursos das clases obreiras, representadas polos seus sindicatos e partidos. Así, o Socialista como o Comunista, así a CNT como a UGT, así a Federación de Grupos Libertarios como o Partido Sindicalista [...]. Pero detrás do Estado atópanse tamén en liña de combate os partidos republicanos que contribuíron á instauración do réxime en abril de 1931 [...], as clases comerciais, industriais e agrícolas do país [...], o pobo español [...].

Toda rebelión descansa sobre un suposto de falsidade: o de aparentar crer que a gobernación do país está secuestrada por poderes ilexítimos e que o triunfo do Estado se traduciría na implantación dun réxime político comunista [...].

Por que o fixeron? Por que o fixeron? Simplemente, trátase de substituír a vontade xeral do pobo enteiro pola dunha clase social desexosa de perpetuar os seus privilexios. Nin amor a España, nin desacougo polo corpo da Patria, nin temores polo seu desmembramento, nin desasosego polo desenvolvemento da súa economía [...].

Diego Martínez Barrio, presidente das Cortes republicanas, 2 de agosto de 1936

A **rebelión militar** do 18 de xullo de 1936 foi o punto culminante dun enfrontamento iniciado na proclamación da República en abril de 1931, que se agudizara nos meses anteriores, tras o triunfo da Fronte Popular.

Efectivamente, o 18 de xullo **sublevábanse os sectores máis conservadores da sociedade española**, a oligarquía industrial e financeira e os terratenentes apoiados por boa parte da Igrexa e por un sector importante do exército, **contra un goberno democrático**, elixido en febreiro de 1936 por amplos sectores da poboación, disposto a reactivar o reformismo republicano que os gobernos do Bienio Negro paralizaran. Neste sentido, **a sublevación militar foi o xeito de frear as reformas democráticas** que o goberno da Fronte Popular comezaba a desenvolver:

- A **reforma agraria**, que suscitara a oposición dos terratenentes logo da aprobación da Lei de Bases da Reforma agraria de setembro de 1932, volveu provocar a oposición dos terratenentes tras a ocupación de latifundios polos traballadores rurais nos meses posteriores ao triunfo da Fronte Popular, que o Instituto para a Reforma Agraria se limitou a legalizar (unhas ocupacións ás que se refire Franco no Doc. 1 cando sinala que «as autoridades de sona gobernativa presiden, cando non fomentan, as revoltas»).
- O **restablecemento da autonomía a Cataluña** (suspendida en 1934) e o recoñecemento do dereito á autonomía do País Vasco e Galicia, que aprobara o seu estatuto en referendo popular o 28 de xuño, ao que se opoñían os defensores da «unidade de España», para quen o proceso autonómico era un síntoma da desintegración de España nas mans dos separatistas (no Doc. 1 Franco refírese á ameaza da esgazadura territorial).
- A **instauración dun Estado laico**, que chocou frontalmente cos intereses da Igrexa católica, que vía dese xeito eliminados os seus privilexios e reducida a súa capacidade de influencia na vida política do Estado.
- O **fomento da instrución pública**, considerada polo goberno da Fronte Popular un atributo indeclinable do Estado, motivou unha forte oposición da Igrexa, que perdía a súa capacidade de adoutramento moral das masas a través dos seus centros de ensino.
- O **reformismo social**, que tiña por obxectivo mellorar as condicións de vida e de traballo dos traballadores industriais e rurais (mellorando os salarios, dificultando os despedimentos...) e fortalecer as organizacións obreiras, foi duramente criticado polas organizacións patronais, que vían reducido o seu poder.

Non obstante, nos meses anteriores á sublevación militar, os empresarios adoptaron unha actitude hostil fronte ao goberno, forzando o peche de empresas e evadindo capitais fóra do país, o que agravou a difícil situación económica ao provocar o aumento dos prezos, a caída da peseta e o aumento do desemprego, situación que levou aos sindicatos á mobilización do proletariado entre maio e xuño. Nese ambiente de tensión social, produciuse tamén unha **radicalización das posturas políticas**: na esquerda, fundamentalmente entre os anarquistas e o sector máis radical da UGT, triunfaban as posicións revolucionarias; na dereita autoritaria, dirixida por Calvo Sotelo, afianzouse o discurso da subversión e da insurrección armada, alentado tamén pola prensa católica e por un sector golpista do exército. Semellante posicionamento político da dereita autoritaria provocou unha **crecente espiral de violencia** nos meses de xuño e xullo alen-

tada, principalmente, polas milicias armadas falanxistas. Neste sentido, pois, pódese dicir que a sublevación militar foi a culminación dese período de axitación social e política que transformou a tensión social nun enfrontamento armado ao fracasar a sublevación militar tal e como estaba planificado polos seus dirixentes.

Evidentemente, malia que o **motivo real da sublevación** era, como sinalaba o día 2 de agosto de 1936 –xa iniciada a guerra civil– o presidente das Cortes republicanas, Diego Martínez Barrio (Doc. 2), «substituír a vontade xeral do pobo enteiro polo dunha clase social desexosa de perpetuar os seus privilexios», na medida en que «toda rebelión descansa sobre un suposto de falsidade», os sublevados xustificaron a súa actitude precisamente cos argumentos que criticaba Martínez Barrio na súa reflexión: na difusión da sensación de que España estaba secuestrada por poderes ilegítimos. Velaí están algúns dos argumentos empregados por Franco na alocución radiada do 18 de xullo na que xustifica a rebelión contra o goberno republicano (Doc. 1), na que insiste en varias ocasións na idea de que España está gobernada por axentes soviéticos; así mesmo, na alocución transmítese unha idea que será unha constante na España sometida polo exército sublevado: converter os defensores da legalidade republicana en traidores, cando logo de transmitir unha imaxe falsa da situación finaliza: «É que podemos abandonar a España aos inimigos da patria, con proceder covarde e traidor, entregándoa sen loita e resistencia? Iso non! Que o fagan os traidores, pero non os que xuramos defendela».

Daquela, como sinalaba Martínez Barrio, a **legalidade republicana foi defendida pola clase traballadora**, representada polos seus partidos e sindicatos, así como polos republicanos que contribuíron á instauración da República en abril de 1931, entre os que se atopaban moitos traballadores de profesións liberais e pequenos comerciantes e industriais; fronte a ese amplo sector da poboación, a oligarquía industrial e financeira, os terratenentes e a xerarquía eclesiástica atopou nun importante sector do exército ao aliado co que derrubar un goberno lexítimo que atendía aos intereses xerais do pobo español en detrimento dos seus intereses particulares: a defensa dos seus **privilexios tradicionais**.

O 18 de xullo de 1936 os sublevados esperaban un rápido triunfo, pero a **resistencia** das forzas leais á República e dos milicianos e milicianas das organizacións políticas e sindicais, fixo fracasar a sublevación en moitas cidades, o que desencadeou unha longa **guerra civil** que se prolongou ata o 1 de abril de 1939. A partir dese momento, España permaneceu sometida a un goberno ditatorial durante 40 anos, aos que o poeta Celso Emilio Ferreiro identificou como unha «longa noite de pedra».



REVOLUCIONARIOS EN BARCELONA O DÍA DO GOLPE.